

## O MODO VERBAL

**Indica a actitude do suxeito ante aquilo que expresa o verbo** (indica se unha acción é real ou se se trata dun desexo/probabilidade ou dunha orde).

O neno **come** unha ensalada.



**Pasa para a corte!**

Oxalá **poida** ser astronauta

Hai **tres modos verbais**:

### 1. Indicativo

**Expresa feitos reais ou que o falante considera certos.** Ben sexa que ocorreron (pasado), ocorrerán (futuro) ou están a ocorrer (presente).

**Exemplo:**

*Vou ao instituto en autobús.*

*Fun ao instituto en autobús.*

*Irei ao instituto en autobús.*



### 2. Subxuntivo

Refire **accións que non están a acontecer** ou que se cadra nin sequera acontecen nunca, mais si **expresan un desexo ou necesidade de que pasen**. Así pois, este modo utilízase para falar de **desexos, suposicións, peticións, hipóteses** etc. Ten tres tempos verbais: presente, pretérito e futuro.

**Exemplo:**

*Oxalá Andrea **gañe** a carreira.*

*Espero que Andrea **gañase** a carreira.*

*De **gañares** a carreira, sería a túa primeira medalla.*



### 3. Imperativo

**Expresa ordes, mandatos, rogos e desexos.** SÓ EXISTE en tempo **presente** e en **2ª persoa de singular e plural**.

**Exemplo:**

***Cala** a boca!*

***Calade** a boca!*



## O TEMPO VERBAL

O **tempo do verbo** indica o **momento** en que se **produce** a **acción** expresada polo verbo **con respecto ao momento de fala**.

### Presente

Empregámolo para dar conta da **realidade que se está a producir no momento en que se fala**.

**Exemplo:**

O *cabalo* **bebe** no caldeiro.



### Pasado

Serve para falar de **accións que aconteceron antes no tempo**.

**Exemplo:**

Onte **xoguei** ao baloncesto cuns amigos.



### Futuro

Serve para expresar **accións que ocorrerán despois, máis adiante no tempo**.

**Exemplo:**

**Colleremos** o autobús ás 14.15h.



**Exercicios:**

1. **Conxuga** o verbo **marchar** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.



Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

2. **Conxuga** o verbo **correr** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

3. **Conxuga** o verbo **vivir** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

4. **Conxuga** o verbo **ser** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

5. **Conxuga** o verbo **estar** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

6. **Conxuga** o verbo **facер** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

7. **Conxuga** o verbo **haber** en PRESENTE, PRETÉRITO e FUTURO de **indicativo**.

Presente	Pretérito	Futuro
Eu _____	Eu _____	Eu _____
Ti _____	Ti _____	Ti _____
El/ela _____	El/ela _____	El/ela _____
Nós _____	Nós _____	Nós _____
Vós _____	Vós _____	Vós _____
Eles/elas _____	Eles/elas _____	Eles/elas _____

8. **De que conxugación** son estes **verbos**?

- a) Debuxas: \_\_\_\_\_ b) Vivirei: \_\_\_\_\_ c) Collemos: \_\_\_\_\_ d) Lerá: \_\_\_\_\_  
e) Adiviñaches: \_\_\_\_\_ f) Pintou: \_\_\_\_\_ g) Sairán: \_\_\_\_\_ h) Hei: \_\_\_\_\_

9. **Subliña** os **verbos** do texto: «Cheguei ao instituto ás oito e media e fun para o pavillón. Alí estaba a miña amiga Ana cos seus compañeiros de segundo de secundaria, pero eu achegueime a un grupo que estaba xogando ao baloncesto.»

10. **Escribe o tempo** dos **verbos** que aparecen nesta cantiga popular galega.

**Por debaixo da ponte**

Por debaixo da ponte  
da vía do tren  
ía unha lanchiña  
que corría ben,  
que corría ben,  
que corría ben  
por debaixo da ponte  
da vía do tren.

**Verbos:**

---

---

Por debaixo da ponte  
víronte pasar,  
as pernas Marica,  
viñas de lavar,  
viñas de lavar  
e a cara tamén,  
por debaixo da ponte  
da vía do tren.

**Verbos:**

---

---



11. **Anota** os **verbos** que aparecen no *Pirimpimpín* de Malvela.

<https://www.youtube.com/watch?v=WVwMJwq7ms0>

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



## OS TEMPOS DE PASADO


- **O pretérito** (ou **pretérito perfecto**) expresa accións e acontecementos que suceden nun momento anterior ao que se atopa o falante: son accións **xa rematadas** no pasado.

### Exemplos:

A semana pasada **estudei** para o exame de matemáticas.

Onte o profesor **deunos** os resultados da proba e **aprobei** cun oito.

**Fixen** todos os exercicios de fraccións.



Onte **houbo** unha treboada moi forte.

A semana pasada **caeron** moitos raios sobre as Cíes.

**Fixestes** fotos da treboada de antonte?

O ano pasado Andrea e Lois **viviron** en París.

Andrea **alugou** un piso no Barrio Latino.

Lois **convidou** a Andrea a cear nun barco polo río Sena.



- **O copretérito** (ou **pretérito imperfecto**) expresa accións simultáneas ou habituais no pasado. Presenta as terminacións: **-aba** (1ª conxugación) e **-ía** (2ª e 3ª conxugacións).

### Exemplos:

Cando **erades** nenos, **iades andando** ao colexio.

Antón **tiña** unha mochila azul e a de Iago **era** gris con manchas máis escuras. María **levaba** sempre unha rosa.



- **O antepretérito** (ou **pretérito pluscuamperfecto**) indica que unha acción pasada é anterior a outra xa mencionada.

### Exemplos:

Cando **chegaron** (pretérito) á estación, o tren **xa marchara** (antepretérito). (Chegaron ás 10.10h e o tren saíra ás 10.00h).



- O **pospretérito** (ou **condicional**) indica unha acción posterior respecto dun pasado. Emprégase co valor de **cortesía**, para formular hipóteses ou para dar consellos.

### Exemplos:

Onte miña nai díxonos que nos **recollería** ás tres. Pensou que non **caberíamos** todos no coche.



**Podería** dar-me medio quilo de mandarinas?

**Gustaríalle** levar tamén un quilo de laranxas?

Eu no teu lugar **contaría** a verdade.

Eu tamén **choraría** se suspendese o exame de historia



Escribe os verbos que aparecen na viñeta:

### Exercicios:

**Completa** con **pretéritos** ou **copretéritos**.

- As chuvias da semana pasada \_\_\_\_\_ o desbordamento dos ríos. (provocar)
- Cando era novo, sempre \_\_\_\_\_ tarde á escola. (chegar)
- A novela que \_\_\_\_\_ o mes pasado \_\_\_\_\_ me moito. (ler, gustar)
- Meu avó \_\_\_\_\_ de min cando os meus pais ían traballar. (coidar)
- Era eu quen \_\_\_\_\_ a pasear a cadela todos os días. (levar)

**Completa** con **pretéritos** ou **antepretéritos**.

- O xornal \_\_\_\_\_ de que se \_\_\_\_\_ un accidente na autoestrada. (informar, producir)
- O autobús \_\_\_\_\_ xa cando eu \_\_\_\_\_ á parada. (pasar, chegar)
- Miña nai \_\_\_\_\_ de que me \_\_\_\_\_ unhas amigas. (avisar, telefonar)
- \_\_\_\_\_ dicindo que os \_\_\_\_\_ a Garda Civil nun control de rutina. (chegar, parar)

**Entrevista** a algún **compañero/a** de clase. Pregúntalle con respecto ao **pasado**.

a) Que almorzaches esta mañá?

---

b) Que é o mellor que che pasou esta fin de semana? E o peor?

---

c) Pasouche estes últimos días algo estraño ou interesante?

---

d) Que fixeches antes de vir á aula?

---

e) Con quen estiveches hoxe/esta fin de semana? Que fixestes xuntos/xuntas?

---

### **Comprensión lectora: O tardo**

Este ser perverso é da familia dos trasnos e temos del e das súas actuacións unha descrición detallada.

O tardo é pequeno, dunhas tres cuartas de estatura máis ou menos, e é moi peludo por todo o corpo. Entre as longas barbas que gasta, e que case lle ocultan a boca, deixa ver, cando ri, unha dentamía ruín pero numerosa, pois seica ten moitos máis dentes dos que ten a xente común. De pel verdosa, na súa faciana rebolen uns ollos grandes e mouros coma o carbón.

Non coida moito a súa vestimenta e adoita levar un traxe vello axustado ao corpo e loce na testa un pucho vermello que, en ocasións, pode levar axóuxeres no curuto.

Este ser, que como se verá é malicioso e daniño, vai sempre armado, cunha pequena espada e móvese axilmente dun lado a outro pegando chimpos e mesmo pinchacarneiros. Os tardos son covardes e téñenlles moito medo aos cans e aos gatos, pois estes animais poden velos moito mellor ca nós, e foxen deles coma se os levase o demo.

O tardo instálase nas casas das súas vítimas facendo entradas que nós non podemos ver. A diferenza do seu parente o trasno, gústalle deixar as cousas das casas tal e como as atopa. A súa maldade non é outra que a de causar pesadelos e angurias aos que dormen e niso consiste a súa principal actividade e diversión. Aínda que é anano, pesa coma ferro e, cando a xente dorme, séntaselle no peito e causa opresión e soños moi, moi desagradables.

Se algunha vez espertas sobresaltado dun mal soño e ao abrir os ollos ves que un anano barbudo está sentado enriba de ti, non collas medo, é o tardo. Xa che dixemos que era algo mexericas, cólleo polo pescozo e ameázao firmemente con esfachalo contra a parede. Seguro que non volve!

X. MIRANDA, A. REIGOSA e X. R. CUBA: *Pequena mitoloxía de Galicia*

1) Que **tipo** de **texto** é?

---

2) **Resume o texto.**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

3) Cal é o **tempo verbal predominante**?

---

---

4) **Subliña os verbos** do relato.

5) **Anota** no cadro os **verbos que subliñaches segundo** a súa **conxugación**.

1ª conxugación (-AR)

---

---

---

2ª conxugación (-ER)

---

---

---

3ª conxugación (-IR)

---

---

---

6) EXPRESIÓN ORAL. **Imos falar de momentos/cousas especiais** nas nosas vidas.

- a) **Como era** o teu **primeiro mestre** ou a túa **primeira mestra**?
- b) **Como era** o teu **xoguete preferido**?
- c) **Como era** a túa **peza de vestir preferida**?
- d) **Como era** o teu **mellor amigo** ou a túa mellor **amiga** da escola?

7) EXPRESIÓN ESCRITA: **A galleta da sorte.**

Segundo a tradición chinesa, **as galletas da sorte** agachan no seu interior **predicións** sobre o **futuro**.

- a) Vas predicir o futuro do teu compañeiro ou da túa compañeira.
- b) Escribe nun anaco de papel a predición e dállo á profesora.